

## PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaria

### CAPÍTULO I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

#### 1. OBXECTO.

É obxecto do presente prego regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo dos postos vacantes no Mercado Municipal de Abastos do Concello de Rianxo que de seguido se relacionan. Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formará parte do contrato que no seu día se outorgue.

Postos que se licitan:

Postos	Metros
- Bancada nº 4	10,70
- Posto nº 5	15,45
- Posto nº 6	15,45
- Posto nº 8	31,30
- Posto nº 9	31,30
- Posto nº 15	30,00
- Posto nº 16	30,40
- Posto nº 17	31,00

No presente prego incorpórase como anexo III un plano no que se describe a localización dos postos que se licitan.

#### 2. NATUREZA XURÍDICA DA CONCESIÓN.

A ocupación en concreto de cada posto conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitador. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial ou concesión demanial.

As concesións administrativas demaniais dos postos do mercado, encádranse legalmente no artigo 93 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), así como no artigo 78 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

Estas concesións administrativas demaniais outorgaranse en todo caso a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Os postos do mercado seguirán sendo sempre da titularidade do Concello de Rianxo.

**3. LÍMITE AO NÚMERO DE POSTOS AOS QUE SE PODE OPTAR E SER TITULAR.**

Como consecuencia do disposto no artigo 28 do Regulamento do mercado, establécense os seguintes límites que rexerán a adxudicación das concesións dos postos do mercado:

- a) Limítanse a dous o número de postos adxudicables á mesma persoa. Se esa persoa xa é titular dalgún posto, sumaranse ditos postos para os efectos deste límite.
- b) É aplicable o artigo 28 do Regulamento do mercado municipal de Abastos de Rianxo con todas as limitacións fixadas. É dicir, nese cómputo de dous postos estarán os cónxuxes que vivan con eles e persoas coas que teñan unha relación análoga de afectividade e convivencia.
- c) Os postos que se poden adxudicar a unha mesma persoa (incluíndo os do cónxuxe que conviva con ela e persoa coa que teña relación de afectividade e conviva con eles), sempre deben ser contiguos.
- d) Se na adxudicación resultase que unha persoa solicitou varios, e resultan aplicables as limitacións establecidas nos apartados anteriores, entón só se poderán propoñer como adxudicatarias, as persoas que presenten as mellores ofertas, ata os citados límites, non sobrepasándoos en ningún caso.

**4. DESTINO.**

Os postos destinaranse á venda dos produtos de acordo co disposto no artigo 17 do Regulamento do mercado. Na súa oferta as licitadoras sinalarán os produtos que van comercializar.

**5. PREZO DA CONCESIÓN.**

Establécense os seguintes tipos mínimos de licitación:

Postos	Metros	Importe canon anual
- Bancada nº 4	10,70	189,59 €
- Posto nº 5	15,45	273,75
- Posto nº6	15,45	273,75
- Posto nº 8	31,30	554,60 €

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

- Posto nº 9	31,30	554,60 €
- Posto nº 15	30	531,57 €
- Posto nº 16	30,40	524,57 €
- Posto nº 17	31	549,28 €

**6. PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN.**

O prezo será o ofertado polas adxudicatarias e non poderá ser inferior, en ningún caso, ao tipo mínimo de licitación.

Nos sucesivos exercicios, o canon anual será aboado, dentro dos 15 días posteriores ao vencemento anual do contrato.

Considerarase causa de extinción da concesión demanial a falta de pago de dúas anualidades consecutivas do canon da concesión, así como o resto das causas previstas no regulamento.

**CAPÍTULO II. LICITACIÓN.****7. CAPACIDADE PARA SER CONCESIONARIA.**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou dalgún dos países membros da Unión Europea, que teñan plena capacidade xurídica e acrediten a súa solvencia de acordo co sinalado no presente prego, e non estean afectas por ningunha das circunstancias que enumera o art. 60 do TRLCSP.

**8. GARANTÍA PROVISIONAL.**

Non se esixe.

**9. EXPOSICIÓN SIMULTÁNEA DO PREGO E DO ANUNCIO PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.**

Para maior garantía das interesadas, a exposición do presente prego e a publicación do anuncio de licitación no procedemento de contratación, realizarase en unidade de acto. Para estes efectos, o presente prego de condicións e a restante documentación que integra o proxecto estará a disposición das interesadas, na Secretaría do Concello, para o seu exame, a fin de que poida examinalo e presentar reclamacións de ser preciso, durante o prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte á derradeira publicación do anuncio de licitación no BOP

De producírense reclamacións ao prego, estas non suspenderán o prazo para a presentación de proposicións e serán resoltas polo órgano de contratación. Non obstante, de producirse estimación das mesmas procederá, chegado o caso, a modificación do

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

prego e a apertura dun novo proceso de licitación.

**10. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN, FORMALIDADES E DOCUMENTACIÓN.****10.1. Lugar e prazo de presentación.**

As proposicións deberán ser entregadas no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación do anuncio de licitación no último dos boletíns en que apareza (BOP). Se o último día do prazo coincidise en sábado ou inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, a interesada deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante TÉLEX, FAX OU TELEGRAMA, no mesmo día (non se admitirán anuncios por correo electrónico). Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibise con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. Porén, transcorridos os 10 días naturais seguintes ao da terminación do prazo de presentación sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez remitida ou entregada a proposición, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

**10.2. Formalidades.**

As proposicións constarán de dous sobres pechados denominados A e B, que incluírán as inscricións e a documentación que en cada un se sinala. No interior de cada sobre, necesariamente, farase constar o seu contido en folla independente, a modo de índice, enunciándoo numericamente.

**10.2.1. Sobre A**

denominado de "Documentación Xeral", expresará, xunto co nome da licitadora, enderezo e número de teléfono e fax, a inscrición de: DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO", e será asinado pola propia licitadora e conterá a seguinte documentación:

**A) ANTEPORTADA:** escrito, asinado pola mesma persoa que asinará o contrato no seu caso, no que conste o número de teléfono, de fax, domicilio, e a persoa á que poderá dirixir o Concello as comunicacións e requirimentos durante o procedemento.

**B) De conformidade co artigo 146TRLCSP,** as licitadoras aportarán declaración responsable subscrita pola licitadora ou representante, recoñecendo que cumpre

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

os requisitos previos de capacidade, representación e solvencia esixidos no prego e comprometéndose a acreditarlos en caso de que vaia ser proposta como adxudicataria. Anexo II.

Con carácter previo á adxudicación do contrato, requirirase á que vaia ser proposta como adxudicataria para que achegue a documentación acreditativa da súa capacidade, representación e solvencia no prazo de cinco días hábiles.

**Non obstante, a documentación dos requisitos de capacidade e solvencia sempre debe ter data anterior á data límite de finalización de presentación de proposicións.**

**10.2.2. Sobre B**

denominado PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA A CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE POXA Á ALZA DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO. Conterá a oferta, de conformidade co modelo do anexo I do presentes Prego. Así como o anexo III.

**CAPÍTULO III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.****11. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.**

O contrato de concesión demanial adxudicarase mediante varios criterios de adxudicación por procedemento aberto.

**12. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Os postos adxudicaranse seguindo os seguintes criterios de adxudicación:

**12.1 Mellor oferta económica ( 1 a 40 puntos)**

O tipo de licitación será o establecido no canon anual de licitación que está establecido na cláusula 1 do prego.

Este importe poderá ser mellorado por cada licitador nas súas ofertas, sen que en ningún caso poida ser en cantidade inferior.

Asignaráselle a mellor puntuación á mellor oferta, correspondéndolle o resto á puntuación que se derive de aplicar a regra proporcional .

**12.2 Ampliación do prazo de licitación (2 a 50 puntos )**

Cada licitador, como mínimo, ofertará 5 anos e cada ano a maiores que oferte, ata un máximo de 30 anos, outorgaráselle dous puntos por ano ata un máximo de 50 puntos.

En todo caso, deberanse respectar as limitacións establecidas no artigo 3 do presente prego, en canto a posibles adxudicatarias.

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**13.3 Establecemento de actividades non existentes na praza do mercado (10 puntos)**

Cada licitador que oferta algunha das actividades seguintes, ou calquera outra distinta de peixería e carnicería, outorgaráselle unha puntuación de 10 puntos: panadería, froitería, ultramarinos, artesanía, especies, froitos secos, conxelados, plantas, droguería, produtos ecolóxicos, produtos delicatessen, artesanía...

**13. MESA DE CONTRATACIÓN.**

A mesa de contratación na licitación deste contrato foi aprobada coa súa composición por Decreto 467/2015 e publicada no BOP da Coruña o 9 de setembro de 2016.

Suplencias: en casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros da Mesa da contratación poderán ser substituídos polos seus suplentes. A estes efectos cando non poidan concorrer algún/s dos voceiros dos diferentes grupos, poderán ser substituídos por un concelleiro do seu respectivo grupo. A Secretaria, a Interventora e a Tesoureira poderán ser substituídas polas persoas que as substitúan no exercicio das súas funcións.

**14. CUALIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN XERAL.**

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á cualificación previa da documentación xeral do sobre A en sesión non pública.

A mesa de contratación, de acordo co previsto no art. 22 do RD 1098/2001, poderá conseguir dos licitadores aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para a xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirle a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán cubrirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións emendables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que as licitadoras os reparen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de emenda de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no taboleiro de editos do Concello, sen prexuízo da súa notificación individual ás persoas afectadas.

En todo caso, non procederá a apertura das proposicións presentadas ata que a Mesa decidise sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos os prazos anteriores para complemento, aclaración ou corrección da documentación.

Do actuado conforme ao sinalado neste artigo deixarase constancia expresa na acta que para o efecto deberá de levantarse, na que, así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios ou persoas admitidas á licitación, as rexeitados e as causas da súa exclusión.

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaria

**15. APERTURA DE PROPOSICIÓN.**

A apertura das proposicións farase nun acto público que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de, cando menos, 2 días á súa celebración.

O acto comezará coa lectura do anuncio da licitación, para seguir co reconto das proposicións presentadas, contrastadas coas certificacións emitidas polas oficinas receptoras. A seguir, informarase ao público do número de proposicións presentadas e do nome das licitadoras, invitando a estas a comprobar que os sobres presentados se atopan en iguais condicións nas que foron entregados.

Para o caso de discrepancias seguirase o disposto no art. 83 do RD 1098/2001.

A continuación, a Presidencia dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polas licitadoras no sobre A, indicando as licitadoras excluídas e as causas da súa exclusión. Invitarase aos asistentes a formular as observacións e pedir as explicacións que estimen pertinentes.

Baixo ningún suposto admitirá a Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións ou emendas que se outorgaran segundo o disposto no presente prego.

A continuación, a Secretaria da mesa procederá á apertura do sobre B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará lectura ás proposicións formuladas neles.

Na apertura do sobre B, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións pasando a deliberar sobre o criterio avaliable segundo o prego e pode solicitar os informes ou asesoramento que crea conveniente.

A mesa non formulará nese mesmo acto proposta de adjudicación ao órgano de contratación, senón que acordará a data e fará o estudo e avaliación do criterio obxectivo de valoración que se indican no prego.

A mesa, unha vez valoradas as ofertas presentadas polos licitadores, logo dos informes técnicos no seu caso, remitirá a acta coa oferta economicamente mais vantaxosa ao órgano competente para a contratación, de conformidade co criterio de adjudicación fixado no presente prego.

A mesa de contratación proporá as mellores ofertas como adjudicatarias de postos xenericamente, sempre respectando as limitacións fixadas no artigo 3 e o número de postos dispoñibles, de tal maneira que só poderán ser adjudicatarias as licitadoras que respecten ditas limitacións.

As ofertas sobre as que recaese esta proposta de adjudicación dunha nunha, por orde de maior a menor oferta (e no caso de ofertas empatadas realizarase por sorteo, no mesmo acto), elixirán o número de posto que prefiran ata o número de postos dispoñibles. Para estes efectos as propias licitadoras ou as súas representantes, de acordo coa documentación presentada e sempre que no poder aportado conste, ademais do poder para presentar a proposición, o poder para adquirir ou para elixir o posto, deberán presentarse a este acto. Se como consecuencia do acto de elección de postos algún

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

propoñente ou propoñentes non puidesen ser adxudicatarios por non respectar os límites do artigo 3, entón chamarase ao seguinte ou seguintes oferentes que mellor oferta realizasen, e elixirán o posto. Trátase, xa que logo, de elixir os mellores oferentes sempre respectando os límites do artigo 3.

Como se expón, e tendo carácter de regra imperativa, tanto na proposta de adxudicación coma na designación dos postos, terase que respectar as limitacións establecidas no artigo 3 do presente prego, e non se poderá propor nin adxudicar ningún posto a ningunha persoa que exceda eses límites.

O prazo máximo para adxudicar é de 6 meses, podendo entenderse desestimadas as solicitudes presentadas para o caso contrario (art. 96.6 da Lei 33/2003).

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas motivadamente.

A proposta de oferta economicamente máis vantaxosa feita pola Mesa de Contratación, non creará ningún dereito en favor da adxudicataria fronte á Administración.

**16. OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.**

Unha vez efectuada a declaración da oferta máis vantaxosa requirirase a esa licitadora para que, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

**A) Documento acreditativo da capacidade e personalidade da interesada e a representación, se é o caso, da asinante da proposición, consistente en:**

A-1) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade da licitadora cando se trate de persoas físicas ou empresarias/os individuais.

A-2) No caso de persoas xurídicas precisarase da escritura de constitución e de modificación (se é o caso), debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente rexistro oficial. Acompañarase fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada. As empresas estranxeiras presentarán a declaración e acreditarán a súa capacidade de obrar segundo o sinalado na lexislación de contratos das administracións públicas.

**B) Poderes.**

Cando a licitadora non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.



**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**C) Verificación de poderes.**

Os poderes a que se refire o apartado B) da presente cláusula, deberán ser verificados previamente pola Secretaria da corporación ou funcionario habilitado.

**D) Proba de non atoparse incurso en prohibición para contratar coa administración.**

Poderá realizarse por calquera destes medios:

- a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa.
- b) Declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no TRLCSP

Cando se trate de empresas de estados membros da unión europea e de estados signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo, e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable, outorgada perante unha autoridade xudicial.

**E) Obrigas tributarias e da Seguridade Social.**

Certificación ou documento acreditativo de que a contratista se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Malia isto, as licitadoras poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da Administración Tributaria e da Seguridade Social, co obxecto de poder presentala dentro do prazo máximo de 5 días hábiles. Ademais deberá achegarse unha certificación ou declaración de non ter débedas de natureza tributaria co Concello de Rianxo, debendo achegar neste caso a certificación no mesmo prazo que a certificación anterior.

**F) Solvencia económica e financeira.**

Acreditarase mediante un informe de Institucións Financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, por importe mínimo de 150.000 €.

**G) Solvencia técnica e profesional.**

Acreditarase mediante declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, xuntando a documentación acreditativa pertinente.

**H) Índice de documentos que integran o sobre.**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co art. 80.1 do RXLCAP.

**17 . ADXUDICACIÓN.**

A adxudicación, que será motivada, acomodarse á proposta, salvo que esta se fixera con infracción do ordenamento xurídico.

O acordo de adxudicación conterá todos os pronunciamentos precisos sobre a inadmisión ou rexeitamento de proposicións e a selección das licitadoras finalmente adxudicatarias, coa debida motivación. Unha vez acordada, seralle notificada ás participantes na licitación e ás remitentes das proposicións rexeitadas.

Se as adxudicatarias non formalizasen os seus contratos ou incumprisen as obrigas que se precisan no presente prego para iso, os postos poderán ser adxudicados ás demais licitadoras segundo a orde da puntuación obtida.

No caso de que a licitación quedase deserta, no ano seguinte poderase adxudicar directamente o contrato a calquera interesada que cumpra as condicións previstas neste prego, de acordo co artigo 137.4 Lei 33/2003 sen necesidade de volver a sacar unha nova licitación.

**18. GARANTÍA DEFINITIVA.**

A adxudicataria, antes da formalización do contrato e dentro dos 15 días naturais seguintes á notificación da adxudicación, deberá de acreditar a constitución da garantía definitiva equivalente ao 5 % do importe de licitación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no TRLCSP, e segundo os artigos 55 e seguintes do RD 1098/2001. O incumprimento deste requisito, por causa imputable á concesionaria, dará lugar á resolución do contrato.

A garantía responderá do adecuado cumprimento das obrigas asumidas pola concesionaria, e da devolución dos bens concedidos nas adecuadas condicións, polo que se estenderá durante o prazo de duración desta.

**19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Despois de acreditar a constitución da garantía definitiva e de presentar o xustificante de pago de póliza de responsabilidade civil, o Concello e a concesionaria formalizarán o contrato en documento administrativo, dentro dos 30 días naturais seguintes ao de notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro. Porén, dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ao seu custo. A contratista, ademais do contrato, deberá asinar o prego.

Antes de exercer a actividade deberán presentar no concello comunicación previa de actividade xunto coa alta no IAE, contador individualizado dos subministros de auga, luz, gas, etc.

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**20. GASTOS A CARGO DA ADXUDICATARIA.**

Serán por conta da adxudicataria os seguintes gastos:

- a) Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- b) O pagamento dos tributos que graven a constitución desta concesión, así como as sucesivas transmisións. Ditos tributos non forman parte do prezo de adxudicación.
- c) O aboamento do canon ofertado pola adxudicataria.
- d) Os de formalización pública do contrato, de ser o caso.
- e) Serán por conta dos titulares as instalacións necesarias para o subministro, os postos de gas, electricidade, auga e demais, así como os gastos de conservacións das instalacións e do consumo que fagan, e deberán *instalar ás súas expensas os aparatos medidores de consumo necesarios, e aboar o seu importe.*
- f) Independentemente do prezo da concesión, a adxudicataria deberá satisfacer as taxas que para cada período ou ano se establezan nas ordenanzas municipais vixentes.

**CAPÍTULO IV. RÉXIME E EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

**21. OBRAS E INSTALACIÓNS.**

Poderán realizarse as obras de acondicionamento necesarias para a utilización dos postos, así como as instalacións precisas para o exercicio da actividade pretendida. Porén, en todo caso precisarán obter de autorización previa municipal, de conformidade co sinalado no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo. Nin as obras nin as instalacións poderán supor alteracións da fisionomía ou estrutura dos postos.

**22. DURACIÓN DA CONCESIÓN.**

A duración das concesións administrativas demaniais que se outorgan será polo tempo que oferte cada licitadora, que como mínimo será de 5 anos e máximo de 30 anos, a partir da data de sinatura do contrato de concesión demanial, tendo este prazo un carácter improrrogable.

Considerarase causa de extinción da concesión demanial a falta de pagamento de dúas anualidades consecutivas do canon da concesión. Así como o resto de causas previstas no regulamento.

**23. REMISIÓN AO REGULAMENTO DO MERCADO.**

As cuestións relativas á transmisibilidade dos postos, gravame, permanencia da actividade, dereitos e obrigas, prohibicións, obras e instalacións, causas de extinción, réxime disciplinario e demais relacionadas co réxime dos postos, serán as establecidas no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo, publicado no BOP nº 22 de 27/01/07 e o vixente en cada momento.

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

Así mesmo, deberá aboar o importe dos danos e perdas que se causasen aos mesmos bens, ao uso xeral, ou ao servizo ao que se atopan destinados.

A concesión será outorgada en todo caso salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A concesionaria será directamente responsable, en relación con terceiros, dos danos causados como consecuencia do funcionamento normal ou anormal das instalacións concedidas, para o cal terá subscrita a correspondente póliza de seguros de responsabilidade civil dende o mesmo momento en que comece a concesión. Tamén terá outra póliza que cubra a todo risco os inmobles e instalacións outorgadas en concesión.

As pólizas subscritas deberanse poñer en coñecemento do Concello que, en todo momento, poderá esixir os xustificantes do pago regular das primas.

A falta do pagamento do canon concesional durante un ano considerárase grave incumprimento do contrato poderá dar lugar a tramitación da resolución do contrato.

**CAPÍTULO V. RÉXIME XURÍDICO.****24. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.**

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar os contratos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dite o órgano de contratación, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

**25. LEXISLACIÓN APLICABLE.**

No non previsto expresamente no presente prego de condicións, seguirase o disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, preceptos de aplicación plena ou básicos; RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos; Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e RD Legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo; Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de Bases de Réxime Local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real decreto Legislativo 781/86; Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Regulamento de Servizos así como demais

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

normativa aplicable á contratación e bens locais.

A concesionaria someterase expresamente á devandita lexislación.

**26. XURISDICIÓN COMPETENTE.**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polo órgano de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Porén, as interesadas poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**ANEXO I: MODELO DE PROPOSICIÓN.**

NOME: ..... DNI Nº: ENDEREZO: .....  
TELÉFONO: ..... DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO.....

Expón que, tendo coñecemento da POXA Á ALZA QUE TRAMITA O CONCELLO DE RIANXO PARA A ADXUDICACIÓN DE POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS, por medio da presente, expón que desexa participar na sinalada POXA, para o que:

1. Acepta plenamente, e de maneira incondicionada, o prego de condicións aprobado para o efecto e cantas obrigas do mesmo se deriven, como aspirante á poxa e como adxudicataria de chegar a selo.
2. Solicita o/s posto/s (só se poden solicitar dous postos, respectando en todo caso as limitacións establecidas no artigo 3 do prego):  
-
3. Que oferta a cantidade de ..... euros anuais (en letra e número)
4. Por posto de.....(tipo de posto, por exemplo, froitería, drogaría, etc..)
5. Anos de concesión . .....( mínimo 5, máximo 30 anos)
6. Que actualmente é titular do seguintes posto: ( deberá de concretarse número de posto e a nome de quen están e a posible relación co solicitante (cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade. )

(LUGAR E DATA).

(SINATURA).

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Denominación do contrato:

Data da declaración:

**DATOS DEL DECLARANTE**

Nome:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección para os efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa: NIF:

Cargo:

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**


Que a empresa á que represento cumpre con todos os requisitos previos de capacidade, representación e solvencia esixidos no prego e comprométese a acreditarlos no caso de que sexa proposta como adxudicataria, de conformidade co artigo 146TRLCSF.

Rianxo, ..... de ..... de .....

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaria

**ANEXO III.- PLANO**



**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**ANEXO IV SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS**

( So presentar esta declaración no caso de domiciliación voluntaria)

**SOLICITANTE ou representante :**

nome e apelidos NIF / NIE

---

endereço postal código postal

---

concello teléfono de contacto correo electrónico

---

**INTERESADO/A**

titular da conta: se difire da persoa solicitante, física ou xurídica; necesaria acreditación ou figurar no Rexistro Electrónico de Apoderamentos

nome e apelidos ou razón social NIF

---

representada pola persoa solicitante en calidade de

---

endereço postal código postal

---

concello teléfono de contacto correo electrónico

---

**NOTIFICACIONES TELEMÁTICAS:**

- Desexo recibir notificacións telemáticas no endereço habilitado
- Declaro que conto con certificado dixital ou DNI electrónico e que acepto ser dado de alta nos servizos de notificación

En cumprimento da Lei 39/2015, requiro que as comunicacións xeradas nos expedientes aos que dea lugar esta solicitude me sexan notificadas de forma telemática a través da plataforma Notific@ (notifica.xunta.gal). Ao facelo, son consciente de que os avisos recibireinos no endereço electrónico que indico, e que para poder acceder ao contido das notificacións preciso dun certificado dixital ou DNI electrónico, ao tempo que acepto ser subscrito de forma automática aos servizos de notificación do Concello de Rianxo. Máis información en [concelloderianxo.gal/notifica](http://concelloderianxo.gal/notifica)

**RECIBOS A DOMICILIAR:**

CANON MERCADO MUNICIPAL



**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Diligencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaría

**DATOS BANCARIOS DA DOMICILIACIÓN** ALTA BAIXA MODIFICACIÓN

\_\_\_\_\_|\_\_\_\_\_|\_\_\_\_\_|\_\_\_\_\_|\_\_\_\_\_|

É **obligatorio** achegar a esta solicitude a copia do NIF do titular da conta, así como o certificado bancario do IBAN

**TITULAR DO RECIBO**

(no caso de que a persoa solicitante non sexa a titular do recibo):

nome e apelidos ou razón social

NIF

\_\_\_\_\_

**Instrucións para cubrir a Declaración:**

Interesado/a: é a persoa titular da conta consignada para a domiciliación. No caso de que a conta teña disposición mancomunada, a solicitude deberá ir asinada por todas as persoas, aportando NIF de cada unha delas.

Representante: en caso de persoas xurídicas (representación legal) a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada por notaría ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria), bastará con que a persoa representante asine esta solicitude xunto coa persoa solicitante no espazo reservado, e que acheguen copia dos NIFs.

Titular do recibo: no suposto no que as persoas titular da conta e o titular do recibo non sexan coincidentes, deberase cubrir este apartado para os efectos da identificación dos recibos cuxa domiciliación se solicita.

Recibos a domiciliar. Indicarase a identificación do obxecto tributario nos termos que consta na solicitude. No caso do IBI urbana a referencia catastral, no IVTM a matrícula do vehículo, etc.

**Información:**

As domiciliacións terán unha validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas pola persoa interesada, rexeitadas pola entidade de depósito ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas.

A orde de domiciliación xurdirá efectos no exercicio corrente, sempre que se presente a ata con dous meses de anterioridade ao comezo do período de recadación voluntaria. Calquera solicitude presentada fóra do dito prazo xurdirá efectos no período impositivo seguinte.

O concello reservarase a facultade de anular as ordes de domiciliacións bancarias dos suxeitos pasivos ante a acumulación de recibos devoltos.

**Documentación a achegar:**

- Copia simple do NIF/CIF do titular da conta.

**PREGO DE CONDICIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE RIANXO**

Dilixencia: Este Prego aprobouse na Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2017  
A Secretaria

- o Certificado do IBAN

**Normativa reguladora:**

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

Ordenanza fiscal municipal reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

**SINATURA:**

previsto na Lei Orgánica 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Regulamento do Desenvolvemento, informamos que os datos recollidos polo Concello de Rianxo de levar a cabo as xestións derivadas desta solicitude serán almacenados nun ou mais sistemas de información do Concello debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, e que para a súa consulta ou outros organismos ou profesionais unicamente para a mesma finalidade. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os datos así como a revogación do consentimento, mediante comunicación acompañada de copia deste formulario, ao enderezo indicado neste mesmo formulario.

Rianxo, de de Destino: